



XX PREMIO 2020 DE POESÍA

- 1 O Concello de Sárria e a Agrupación Cultural Ergueitas convocan o XX Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO.
- 2 As obras presentadas deben estar escritas en lingua galega. A esollta ortográfica de cada obra presentada non será obxecto de valoración por parte do xuri.
- 3 A extensión mínima será de 500 versos. Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame.
- 4 Os traballos presentaranse por cuadruplicado en exemplares separados, grampados ou encadernados, en tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara. Acompañaranse dun sobre pechado no que conste o título ou lema da obra no exterior, contendo no interior o nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do documento de identidade, enderezo, teléfono e correo electrónico. Enviaranse por correo certificado a: XX Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO, Concello de Sárria, rúa Maior 14, 27600 Sárria. O prazo para a súa presentación será de 30 días naturais dende o día seguinte a publicación no BOP de Lugo. **Do 20 de outubro ao 18 de novembro de 2020.**
- 5 Establécese un único premio indivisíbel dotado con 6000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O xuri poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.
- 6 O xuri estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria. Actuarán como Secretaria e Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitas e como Presidenta e Concelleira de Cultura de Sárria, as dúas con voz e sen voto. A decisión do xuri será inapelábel e será dada a coñecer antes do 30 Decembro de 2020.
- 7 A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de Premiada no XX Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO.
- 8 Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruídos. Logo de feito público o ditame a organización poderá abrir as plicas das obras non premiadas para promocionar as seguintes edicións do premio, agás indicación do contrario no exterior do sobre. Non se manterá correspondencia cos autores e autoras.
- 9 A interpretación destas bases correspóndelle ao xuri. A participación no certame implica a súa aceptación.